

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 26/12/1953

Colección:

Data: 26/12/1953

De:

Ramón Piñeiro;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Láncara (municipal), Sarria (comarcal), Lugo (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Mencionados:

Francisco Fernández del Riego; Domingo García-Sabell; Xohán Ledo; Manuel María; Uxío Novoneyra; Luís Pimentel;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 26/12/1953

Láncara (Lugo), 26-XII-1953

Meu querido amigo:

Canto me dispoñía a saír pra istas terras luguesas a pasar o Nadal co-a familia, chegou o teu fermoso Libro de Tapas. Xa o tiña visto na casa do Domingo e moito me gustara. Dous días antes, estando Domingo e máis eu na casa de Paco, en Vigo, e con ocasión de faláremos do teu libro, díxome Domingo que che tiña escrito pedíndoche un exemprar pra mín. Eu alegreime moito co-a noticia, pois non me houbera atrevido a facelo. Cando o carteiro me trouxo o libro enviado por tí, xa podes figurarte a miña emoción. Tróuxeno a Lugo pra llel-o amosstrar ós amigos de por eiquí (Pimentel, Celestino, Anxel Xohán, Manuel María, Novoneyra, etc.).

Tamén na casa do Domingo vimos moitas veces un espléndido lenzo teu, no que resplandece un limpo celme galego que non deixa de ser sorprendente. Xa se bota de ver que que si o pintor está lonxe da terra, tena, en cambio, moi viva e moi acesa no corazón.

Nistes días sairá un novo tomo de ensaios editado por Galaxia e adicados ó tema da saudade. A continuación, sairá a primeira monografía de arte galego, que está adicada a Colmeiro.

Dentro de uns días –en canto chegue ás miñas mans– enviareiche un novo traballo que fixen sobre a saudade. Eu penso que ista é unha vía na que artistas e filósofos poden colaborar pra acadar unha fisonomía espresiva do noso ser íntimo. Niste novo traballo percuru trazar as liñas fundamentás de unha filosofía basada na vivencia da saudade. Dareime por moi satisfeito con que contribuía a lle prestar atención ó problema.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo.

Ramón Piñeiro

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.